



CONCELLO DE VALDOVIÑO

Avda. Porta do Sol s/n
15552 Valdovíño (A Coruña)
Tfno.: 981 487 041 Fax.: 981 487 294
www.concellodevaldovino.com

DECRETO DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

Vista a Resolución número 2021/4566 de 10 de febreiro do 2021 da Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba o Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2021 (PEL-CONCELLOS-REACTIVA 2021) e de conformidade ao acordado no apartado 9 da Xunta de Goberno Local do 4 de febreiro do 2021.

Vistas as dúbidas xurdidas respecto as retribucións brutas mensuais para a contratación laboral temporal dun/dunha auxiliar de Biblioteca en Réxime Laboral Temporal ao abeiro do citado Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2021 (PEL-CONCELLOS-REACTIVA 2021)

En virtude do enunciado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e o disposto no artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais así como no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*, na súa redacción dada pola *Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local*, polo presente Decreto

RESOLVO

Primeiro.- Clarificar as *retribucións indicadas nas Bases Específicas para a contratación laboral temporal dun/dunha auxiliar de Biblioteca en Réxime Laboral Temporal* onde se especificaba que:

“O contrato formalizárase baixo a modalidade de obra ou servizo de duración determinada (oito meses) a media xornada. O horario se distribuirá segundo as necesidades e organización dos servizos municipais de luns a domingo.

Neste contexto, as retribucións brutas mensuais do/a Auxiliar de Biblioteca ascenderán 1.170 €, paga extra prorrateada.”

Por conseguinte, cómpre destacar que o devandito importe está referido a unha xornada completa e como a contratación do/a Auxiliar de Biblioteca será a 50% da xornada completa, polo tanto as retribucións brutas mensuais efectivas a percibir serán de 585,00 € mensuais, paga extra prorrateada.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.